



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

**Febreiro 2018**

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Febreiro 2018

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 3,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos menos que no mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,7%, 0,7 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 3,2% e os Outros servizos o 4,4%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,1% e en España un 2,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de febreiro. Galicia é a quinta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.


### Indicador de actividade do sector servizos. Febreiro 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %		ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
			Interanual	No que vai de ano
3,5	<b>Xeral</b>	106,5	3,5	4,6
0,3	Venta e reparación de vehículos de motor	95,8	8,3	8,4
1,5	Comercio por xunto	118,1	2,7	5,3
0,8	Comercio ao retallo	92,0	4,1	2,4
0,3	Transporte	98,7	3,6	3,7
0,1	Hostalería	83,3	1,9	2,7
-0,1	Información e comunicacións	102,2	-1,4	-0,5
0,3	Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,1	8,3	7,1
0,4	Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,8	13,4	12,6

## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 3,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos inferior ao do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,7%, 0,7 puntos menos que no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 3,2% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,4% e achegan 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 7,0%, 3,8 puntos máis que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,2%, superando o crecemento galego en 1,8 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 2,7% e achega 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 8,3% e o *Comercio ao retalho* o 4,1%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 7,9% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 12,7%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,4%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 13,4% e achegan 0,4 puntos e o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que achegan 0,3 puntos cada un, con incrementos do 3,6% e 8,3%

respectivamente. En senso contrario, o sector de *Información e comunicacións* diminúe a súa facturación un 1,4%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,2%. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,9%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (8,8%).

Nos dous primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 4,6% en Galicia e un 7,1% en España.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,7% no mes de febreiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 3,5% e achega 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 9,4% e achega 1,3 puntos.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (11,3%), Aragón (9,8%) e Madrid (9,6%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,5%), Navarra (3,1%) e Asturias (3,2%).

### Índices de cifra de negocios. Febreiro 2018


#### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,1% respecto ao mes de febreiro de 2017, 0,3 puntos menos que en España (2,4%).



O persoal ocupado aumenta un 1,6% no *Comercio* e un 2,5% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (3,9%) mentres que na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,2%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 4,3% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan seis décimas a taxa de variación do índice xeral e do 4,1% nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, co que achegan cinco décimas.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. O maior incremento no persoal ocupado dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,5%).


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2017. Os maiores incrementos danse en Murcia (3,8%) e Illes Balears (3,3%).

Castilla y León (1,5%) e Andalucía e Extremadura (ambas as dúas 1,9%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

## Índices de persoal ocupado. Febreiro 2018

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,5</b>	<b>3,5</b>	<b>4,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>109,4</b>	<b>3,2</b>	<b>4,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	95,8	8,3	8,4
Comercio por xunto	118,1	2,7	5,3
Comercio ao retalho	92,0	4,1	2,4
<b>Outros servizos</b>	<b>97,7</b>	<b>4,4</b>	<b>4,4</b>
Transporte	98,7	3,6	3,7
Hostalería	83,3	1,9	2,7
Información e comunicacións	102,2	-1,4	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,1	8,3	7,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,8	13,4	12,6
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,0</b>	<b>6,7</b>	<b>7,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>105,3</b>	<b>7,0</b>	<b>7,1</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	123,4	12,7	14,3
Comercio por xunto	108,9	7,9	8,2
Comercio ao retalho	92,2	2,8	2,6
<b>Outros servizos</b>	<b>101,8</b>	<b>6,2</b>	<b>7,0</b>
Transporte	102,4	5,0	6,5
Hostalería	88,0	2,9	3,2
Información e comunicacións	104,4	3,9	4,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,8	10,9	10,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	98,2	8,8	9,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	103,3	5,7	6,0
Comercio	108,1	3,5	4,8
Transporte	116,1	9,4	9,9
Hostalería	83,9	2,8	3,5
Información e comunicacións	104,2	0,9	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,6	14,1	9,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,0	15,6	13,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Febreiro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>104,0</b>	<b>6,7</b>	<b>7,1</b>
Andalucía	100,1	3,7	4,0
Aragón	101,4	9,8	9,4
Asturias	95,6	3,2	3,9
Balears, Illes	80,8	7,0	7,1
Canarias	104,8	8,6	7,3
Cantabria	102,4	11,3	11,0
Castilla y León	92,9	2,5	3,6
Castilla-La Mancha	105,6	6,6	7,4
Cataluña	102,1	6,9	7,5
Comunitat Valenciana	103,3	3,4	4,8
Extremadura	96,0	5,8	5,5
<b>GALICIA</b>	<b>106,5</b>	<b>3,5</b>	<b>4,6</b>
Madrid	111,4	9,6	9,3
Murcia	102,2	4,5	6,5
Navarra	105,0	3,1	5,1
País Vasco	104,7	7,4	8,3
Rioja, La	106,7	7,2	7,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>103,6</b>	<b>2,1</b>	<b>1,9</b>
<b>Comercio</b>	<b>104,1</b>	<b>1,6</b>	<b>1,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	97,9	-1,2	-1,1
Comercio por xunto	111,0	3,9	3,8
Comercio ao retallo	101,4	0,7	0,7
<b>Outros servizos</b>	<b>103,1</b>	<b>2,5</b>	<b>2,2</b>
Transporte	101,2	0,7	0,6
Hostalería	99,5	1,6	0,4
Información e comunicacións	104,7	0,6	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,1	4,1	4,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,8	4,3	4,2
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>103,9</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
<b>Comercio</b>	<b>104,0</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	104,8	2,3	2,3
Comercio por xunto	107,1	2,7	2,7
Comercio ao retallo	101,9	1,0	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>103,8</b>	<b>2,8</b>	<b>2,9</b>
Transporte	105,3	2,7	2,8
Hostalería	99,1	1,7	1,7
Información e comunicacións	105,4	3,2	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,1	2,1	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,4	4,5	4,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Febreiro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>103,9</b>	<b>2,4</b>	<b>2,4</b>
Andalucía	102,5	1,9	1,9
Aragón	104,9	2,8	3,0
Asturias	101,8	2,0	2,2
Baleares, Illes	90,1	3,3	3,3
Canarias	107,2	2,3	2,5
Cantabria	103,9	2,7	3,2
Castilla y León	102,5	1,5	1,8
Castilla-La Mancha	103,4	2,0	1,9
Cataluña	105,2	2,8	3,1
Comunitat Valenciana	104,7	2,3	2,0
Extremadura	100,9	1,9	1,7
<b>GALICIA</b>	<b>103,6</b>	<b>2,1</b>	<b>1,9</b>
Madrid	104,8	2,6	2,4
Murcia	108,1	3,8	3,9
Navarra	104,5	2,4	1,9
País Vasco	103,1	2,2	1,9
Rioja, La	104,5	2,2	2,3

Fonte: INE